



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OROSO

Modificación dos procedementos automatizados do Concello de Oroso

ANUNCIO

Exp. 2019/G013/000001.

Modificación dos procedementos automatizados do Concello de Oroso.

Con data de 19/12/2024 o Sr. Alcalde procedeu a ditar resolución nº 1837/2024 co seguinte contido:

“No BOP nº 229 de 2 de decembro de 2019 publicouse a aprobación definitiva da Ordenanza para a regulación da administración electrónica municipal do Concello de Oroso que na actualidade segue en vigor.

No artigo 37 da citada ordenanza establécese que:

“3.0 Concello de Oroso aproba as seguintes actuacións administrativas autormatizadas:

- a.-Expedición de certificados individuais e volantes de empadramento.
- b.-Expedición automática de recibos de presentación no rexistro electrónico do Concello de Oroso.
- c.-Expedición automática de recibos de publicación no taboleiro de anuncios electrónicos do Concello.
- d.-Emisión automática de copias auténticas de documentos electrónicos.

e.-Traslado automático de documentos desde a Plataforma de Contratos del Sector Público (PLCSP) á plataforma de tramitación de expedientes municipais (TEDEC)”

Establecéndose que “por resolución de Alcaldía poderande aprobar novas actuacións administrativas automatizadas así como suprimir as xa existentes, debendo publicarse no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre.”

Sendo neste caso necesario proceder a modificar o apartado b do artigo 37.3 da Ordenanza de tal xeito que se refira á expedición automática de recibos en xeral xa que se pretende ampliar a emisión automática de recibos non so aos de presentación se non tamén aos de saída e tendo en conta a habilitación contida no citado artigo 37 da Ordenanza mpara a regulación da administración electrónica municipal do Concello de Oroso, pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Modificar a previsión contida no artigo 37.3.b) da Ordenanza de tal xeito que o mesmo quede redactado do seguinte xeito:

- b.- Expedición automática de recibos no rexistro electrónico do Concello de Oroso.

SEGUNDO: De conformidade co previsto no citado artigo 37 proceder a publicar a presente modificación no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre.”

O que se publica para xeral coñecemento, en Oroso asinado dixitalmente polo Alcalde da Corporación na data da sinatura electrónica.

Oroso, 20 de decembro de 2024

O Alcalde.

Alexander Doval Expósito.

2024/9248